

INFORME LEXISLATIVO: REGULACIÓN DAS ADAPTACIÓNS DO CURRÍCULO NAS ENSIANZAS DE RÉXIME XERAL

Orde do 6 de outubro de 1.995 (DOG, 07/11/95)

Milagros Couto Llamas
Inspectora de Educación
Profesora Asociada USC

1. PRESENTACIÓN

Nestes últimos cursos estanse levando a cabo diversas modificacións que se reflicten en ordes e decretos na nosa Comunidade autónoma e que atinxen, fundamentalmente, á etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, e outras, como a xa anteriormente desenvoltoa e traballada nesta Sección lexislativa, en concreto, a Orde do 27 de decembro de 2.002 (DOG, 30/01/03) e a Orde do 20 de febreiro de 2.004 (DOG, 26/02/04).



Facendo unha lectura do contido desta normativa, entendemos que sería interesante extraer da mesma, aqueles aspectos vencellados coas ADAPTACIÓNS CURRICULARES, e para iso cómpre analizar a norma básica a partir da cal se deberían entender, configurar e deseñar todas as medidas posteriores.


Estamos a referirnos á Orde do 6 de outubro de 1.995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (DOG, 7/11/95).

Na nosa andaina profesional atopámonos con demasiada frecuencia, con interpretacións, dúbidas, esquecementos, que se afastan da devandita Orde básica ou das normas posteriores.

Daquela, entendemos que a Orde que regula as ADAPTACIÓNS CURRICULARES, é interesante que se traballe neste momento, dado que axuda a facilitar sen atrancos e interferencias, as responsabilidades de cada un dos profesionais que deben intervir na elaboración, no proceso e na revisión das mesmas.


2. ORDE 6 DE OUTUBRO DE 1.995 POLA QUE SE REGULAN AS ADAPTACIÓN DO CURRÍCULO NAS ENSEINANZAS DE RÉXIME XERAL (DOG, 7/11/95)






MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO

Artigo 4º






EXPEDIENTE ACADÉMICO
Artigo 4º.3

Sempre debe constar R.E
e a súa utilidade

No libro de escolaridade
NON
debe figurar R.E

No documento correspondente informarse ás familias



CONSECUENCIAS
POSTERIORES
Artigo 4º.4




Requisito previo para que o alumno
poida participar nun programa
de diversificación curricular





ADAPTACIÓN CURRICULAR

Artigo 5º



PRECISA DA AUTORIZACIÓN DA INSPECCIÓN EDUCATIVA





RESPONSABLES DA
ELABORACIÓN
Artigo 6ºc)

Profesor da
área ou materia

Deseño e desenvolvemento

Orientador

Asesora

Departamento
didáctico


Colabora


Equipo específico
de orientación

Colabora

Outros
profesionais

Colabora





Avaliación
Artigo 10º

SEMPRE se levará a cabo en función da propia adaptación curricular e dos criterios de avaliación individuais deseñados nela

EXCEPCIÓN: no momento en que legalmente haxa que decidir a PROMOCIÓN, e que estará en función dos obxectivos establecidos para a Etapa ou Ciclo correspondente, de ser o caso

Revisión
Artigo 11º

Será loxicamente continua

Revisarase preceptivamente ao final de curso

De haber modificacións nos obxectivos e criterios de avaliación, requirirá unha nova AUTORIZACIÓN

Promoción
Artigo 12º

¿CANDO? : Ao rematar o curso ou ciclo referente da adaptación.


RESPONSABLES DA DECISIÓN : Titor e profesores das áreas ou materias obxecto da adaptación curricular.

FAMILIAS: Só son oídas, non deciden na promoción.

DETERMINACIÓNS: Promoción. Decidirase a necesidade ou non de elaborar outra adaptación curricular e as liñas xerais desta.

Repetición. Preceptivo levar a cabo R.E ou A.D

RECLAMACIÓNS: Segundo o Artigo 15º. Ante o director e de ser o caso ante a Inspección educativa.



RESPONSABLES DA
ELABORACIÓN
Artigo 13º

Profesor da área ou materia	Deseño e desenvolvemento
Orientador	Asesora
Departamento didáctico	Colabora
Equipo específico de orientación	Colabora
Outros profesionais	Colaboran
Desenvólvese	No grupo de referencia dentro das posibilidades
Rexistro Artigo 14.2	Páxina 20 do libro de escolaridade
Autorización Ver Artigos 7º, 8º, 9º	Inspección educativa

Como se pode observar no transcurso da análise da Orde, aparecen outras normas que interfíren e condicionan polo seu propio contido, o desenvolvemento legal das medidas, tanto do Reforzo educativo como das Adaptacións curriculares, e que sempre deberán terse en conta polos responsables da súa elaboración e aprobación.

É evidente que a normativa posterior complementa a norma que hoxe nos ocupa.

Tamén está claro que os diferentes Regulamentos orgánicos dos centros educativos, contemplan que os criterios e procedementos previstos para organizar a atención á diversidade do centro naqueles aspectos non explicitados pola normativa, deben formar parte do Proxecto curricular e, polo tanto, deben ser aprobados polo Claustro, e remitirse á Inspección educativa para a súa conformidade.

Deseguido faise unha relación das fontes de información citadas neste traballo co fin de ter localizadas de modo inmediato as normas precisas.

3. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

LEI ORGÁNICA 1/1.990. LOSXE (BOE, 4/10/90).

DECRETO 426/ 1991 (DOG, 14/01/92). Currículo de Educación Infantil.

DECRETO 245/1.992 (DOG, 14/08/92). Currículo de Educación Primaria.

DECRETOS varios que atinxen ao currículo da E.S.O.

DECRETOS varios que atinxen ao currículo de Bacharelato.

ORDE 6/10/95 (DOG, 7/11/95). A referida nesta informe.

DECRETO 320/1.996 (DOG, 6/08/96) de ordenación da educación de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.

CIRCULAR 9/1.999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e F.P., pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na E.S.O.

ORDE 27/12/02 (DOG, 30/01/03), pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensinanzas non universitarias con necesidades educativas especiais. Xa traballada nesta mesma sección.

